

ADAPTACIÓN
DA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020

1º PRIMARIA

CEP SABARÍS

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Nota: Elimínanse os estándares e as competencias do curso que non se poden acadar debido a excepcional situación deste curso.

CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. *Buscar información de forma guiada.*
2. *Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.*
3. Identificar as principais características das plantas e dos animais.
4. Observar e identificar, de maneira elemental, algún ser vivo no seu medio natural.
5. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.
6. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
7. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.

CONTIDOS

· Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.
- Busca guiada de información en internet e noutros soportes.
- Identificación do home e da muller como seres vivos.
- Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.
- Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.
- Identificación de alimentos diarios necesarios.

Bloque 2. O ser humano e a saúde

- O ser humano e o seu funcionamento
- Factores que producen as enfermidades máis habituais: gripe, carie, catarrros...
- A relación cos demais: igualdade entre homes e mulleres
- Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais
- Análise das dietas equilibradas: a pirámide alimentaria
- Coñecer e diferenciar entre hábitos de vida saudables e non saudables.

- Coñecer as propiedades máis importantes dos alimentos.
- Distinguir os alimentos que permiten alcanzar unha dieta equilibrada.

Bloque 3. Os seres vivos.

- Seres vivos e seres inertes.
- Identificación de animais e de plantas como seres vivos.
- Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.
- Recoñecer e clasificar aos animais vertebrados: mamíferos, aves, réptiles, peixes e anfibios.

Bloque 4. Materia e enerxía.

- Uso responsable dos recursos naturais do planeta e o aforro enerxético
- A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental
- Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.

Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas

- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicletas, xoguetes, móbiles, tesoiras...)
- Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DA NATUREZA E SOCIAIS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística

Na área de Ciencias da Natureza preséntanse numerosas lecturas, para desenvolver a competencia lectora. Ademais, exercítanse as habilidades de comunicación oral a través de actividades de intercambio de opinións, narración de experiencias persoais e exposición oral de diversos temas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Dende Ciencias da Natureza, contribúese ao desenvolvemento da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía coa elaboración de táboas e gráficos.

Competencia dixital

Esta área contribúe á competencia dixital a través de múltiples actividades de observación e descripción da realidade, ao igual que de busca e clasificación de información en distintos formatos: audiovisuais, internet...

Competencia cultural e artística.

Desde a área de Sociais favorécese o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos. Contribúese ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades propias da educación artística. Na área de Coñecemento do medio tamén se realizan diversas actividades de creación plástica e axúdase ao desenvolvemento desta competencia a través dunha coidadosa selección, desde a perspectiva estética, das ilustracións e as fotografías.

Competencia para aprender a aprender

Nesta área trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información. Ao final das unidades dáselles aos alumnos a oportunidade de resumir, de maneira guiada, o que se aprendeu. Ademais, propóñense repasos periódicos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas da vida diaria promoven o desenvolvemento desta competencia. Igualmente, a forma como están redactados os textos e as actividades permite que os alumnos realicen o seu traballo de forma autónoma. Por outra parte, moitos dos coñecementos que adquiren refírense a modos de vida saudables, dieta equilibrada, etc. Estes coñecementos terán aplicación antes ou despois na súa vida cotiá.

Competencias sociais e cívicas

As actividades de aprendizaxe integradas, interdisciplinaria e o traballo cooperativo nas distintas áreas facilitarán o desenvolvemento desta competencia

Conciencia e expresións culturais

A realización de actividades sobre a utilización de aparellos e máquinas de uso doméstico intentando superar estereotipos sexistas por exemplo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- Recoñece e identifica as características que permiten diferenciar os animais vertebrados dos invertebrados. **Competencia para aprender a aprender**
- Coñece o que é un nutriente e que tipos de nutrientes achegan os alimentos máis importantes. **Competencia en comunicación lingüística**
- Distingue e diferencia as propiedades da materia. **Competencia matemática**

CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
2. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.
3. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.
3. Identificar e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, barrio, etc.).

CONTIDOS

- Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias Sociais.

- Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas.
- Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).
- Utilización de estratexias para potenciar a cohesión de grupo e o traballo cooperativo.
- Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.
- Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

OBXECTIVOS

- Participar en traballos en grupo con papel activo e asumir as súas tarefas con sentido de responsabilidade colectiva.
- Utilizar as novas tecnoloxías para a realización de actividades.
- Coñecemento das normas básicas de educación viaria.
- Coñecer as características diferenciadoras de barrios, pobos e cidades.
- Coñecer os servizos que prestan á comunidade os concellos e as súas características.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Identifica as estacións. **Competencia para aprender a aprender.**
- Coñece a importancia vital da auga.
- Explica que é a historia, nomea as súas idades. **Competencia social e cívica**

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 99 .
2. Resolver problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operacións de suma e resta empregando os algoritmos básicos correspondentes ou outros procedementos de resolución e explicando oralmente o proceso seguido.
3. Utilizar procedementos diversos e estratexias persoais para realizar, en situacións cotiás e funcionais, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e resta .
4. Aplicar as sumas e restas en situacións da vida cotiá.
5. Resolver e formular problemas en que interveña a lectura de gráficas e táboas sinxelas, interpretándoas a nivel básico.

CONTIDOS

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes matemáticas

- Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado
- Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das

súas características e a súa práctica en situacións sinxelas

-Utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información

Bloque 2. Números

- Números naturais ata o 100.
- Nome dos números ata o 100.
- Identificación do número anterior e seguinte a un dado.
- Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.
 - Resolución de problemas da vida cotiá.

Bloque 3. Medida

- Unidades de medida do tempo e as súas relacións.
Cálculos incorporando medidas temporais.

Bloque 4. Xeometría

- Clasificación simplificada de figuras e corpos xeométricos.

Bloque 5. Estatística e Probabilidade

- Lectura, interpretación e elaboración de táboas de uso habitual na vida cotiá
Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos

OBXECTIVOS

- Formar e utilizar números naturais de ata 2 cifras.
- Desenvolver estratexias de cálculo mental.
- Sumar con e sen levadas.
- Restar sen levadas.
- Entrenarse na resolución de problemas, elexindo a operación axeitada.
 - Manexar vocabulario matemático para lograr unha axeitada alfabetización numérica .
 - Coñecer as unidades de tempo maiores e menores có día.

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:

Ser quen de coñecer e valorar a presenza das informacións numéricas na vida cotiá, manexar os números nos seus diferentes contextos e empregalos con distintas finalidades.

No 1º Curso o alumno aprenderá os números ata o 99 . Traballará coas distintas situacións cotiás onde aparecen, e manexará diferentes formas en que se poden presentar. Tamén traballará a composición e descomposición de números a partir dos distintos ordes de unidades.

Ser quen de recoñecer a presenza e o papel das Matemáticas no noso mundo, valorar a importancia da creatividade e o rigor ao utilízalas e confiar nas súas propias habilidades.

Os alumnos chegarán a recoñecer e apreciar a utilidade das Matemáticas na súa vida cotiá, ao realizar actividades de distintos tipos centradas sempre en contextos reais. O traballo sistemático e organizado permitiralles tomar conciencia da importancia de ser ordenados e coidadosos.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística.

Para desenvolver esta competencia, ao traballar as Matemáticas os alumnos deben por especial atención na incorporación dos termos matemáticos á linguaxe usual e o seu uso correcto, na descrición verbal dos procesos e na comprensión dos textos que se lles ofrecen (en especial, os problemas). É necesario que os alumnos falen, escriban, escoiten e expliquen o proceso seguido no seu traballo matemático.

Competencia dixital.

Esta área contribúe á adquisición desta competencia de varias formas. Por un lado, aporta destrezas coma a comparación de números, a aproximación, as distintas formas de expresar e de usar os números...; e por outro, traballa a recollida e tabulación de datos, e a interpretación e representación de táboas

Competencias sociais e cívicas.

Valores coma o rigor, o coidado, a perseveranza están asociados ao traballo matemático. Da mesma maneira, o traballo cooperativo en equipo e a consideración e reflexión sobre as opinións e puntos de vista dos outros (por exemplo, ao resolver problemas) contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Conciencia e expresións culturais.

O saber matemático é parte fundamental do coñecemento da humanidade, e contidos coma os tratados en Xeometría permítenlle ao alumno comprender, de maneira máis efectiva, as manifestacións artísticas, e ser capaz de utilizalos para crear obras propias.

Competencia para aprender a aprender.

O desenvolvemento de nocións matemáticas firmes e o manexo destro da información son instrumentos que facilitan posteriores aprendizaxes. Actitudes coma a autonomía e o esforzo potencianse ao abordar situacións complexas de maneira sistemática. A verbalización dos procesos seguidos axuda tamén á reflexión sobre o aprendido e a consecución dunha aprendizaxe efectiva.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

As Matemáticas contribúen á consecución desta competencia dende os contidos asociados á resolución de problemas, que é un dos eixos fundamentais da área. A contribución a esta competencia realízase desde tres vertentes principais: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A resolución de situacións abertas fomenta a confianza nas propias capacidades.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Le números de ata 2 cifras.
- Utiliza un vocabulario matemático adecuado

- Le números naturais ata o 99.
- Progresa na análise e comprensión do enunciado dos problemas
- Coñece, comprende e aplica as propiedades da suma, resta.

LINGUA CASTELÁ

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.

Quérese avaliar a capacidade do alumnado de participar en diferentes situacións de comunicación da vida escolar e a progresiva interiorización daquelas normas e hábitos básicos que facilitan a comunicación e a relación social.

2. Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos, e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para captar a información e as mensaxes de textos orais de uso cotián e dalgúns procedentes da radio, da televisión e de webs infantís, así como o uso de estratexias para mellorar a comprensión.

3. Coñecer e reproducir textos de literatura oral.

Trátase de avaliar a capacidade de identificar, recoñecer, reproducir e valorar textos relacionados co contorno e a de dramatizar aspectos concretos dos destes.

4. Identificar o sentido global dun texto

Este criterio pretende avaliar a capacidade para identificar e extraer ideas puntuais e datos concretos indicados nos textos de maneira explícita, relacionándoos coas propias vivencias do alumnado e cos seus coñecementos previos.

5. Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos.

Téntase avaliar o nivel de adquisición do código escrito.

6. Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con decodificación e entoación axeitada,

Preténdese avaliar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos, facendo fincapé fundamentalmente na entoación e na

expresividade.

7. Amosar iniciativa e interese pola lectura.

Avaliarase o interese amosado pola lectura. Comprobarase a iniciativa e a progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca da escola a internet.

8. Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, nome común, nome propio, masculino e feminino, singular e plural en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.

Téntase que, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifique algunha terminoloxía elemental que lle poida axudar a facer melloras na linguaxe escrita.

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. Falar e escoitar.

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais : xestos e ton de voz
- Participación en situacións de comunicación, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela
- Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas
- Comprensión de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes
- Produción de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía.
 - Dramatización de textos literarios adaptados á idade e de produción propia.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler

- Lectura en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.
- Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio.
- Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos.
- Selección de libros segundo o gusto persoal.
- Uso da biblioteca de aula e de centro para a procura de información e utilización da mesma para fomentalo gusto pola lectura.
- Identificación da finalidade das mensaxes transmitidas polo texto
- Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura de información.

Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir

- Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, concordancia básica.
- Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.

-Valoración das propias producións escritas e das dos compañeiros.

Bloque 4. Coñecemento da lingua

-A palabra. Recoñecemento das distintas clases de palabras .

-Tempos verbais : presente, pasado e futuro.

- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía.

-Ampliación de vocabulario.

-Clases de nomes: comúns e propios.

-Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.

Bloque 5. Educación literaria.

-Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.

-Lectura de textos narrativos de tradición oral, adaptación de obras clásicas á literatura actual.

-Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. Identificación de recursos literarios moi básicos.

-Comprensión, memorización e recitado de textos literarios co ritmo, entoación e dicción axeitados.

-Valoración da literatura en calquera lingua como recurso de lecer persoal e vehículo de comunicación.

OBXECTIVOS

- Comprender e producir mensaxes orais que teñan formalidade didáctica.
- Comprender e expresarse oralmente e por escrito nos diferentes contextos da vida cotiá.
- Participar activamente en intercambios comunicativos orais.
- Comprender diferentes clases de textos escritos.
- Ler e comprender de forma autónoma textos literarios adecuados á súa idade.
- Aplicar normas ortográficas.

- Manifestar interese pola lectura e pola escritura como medios para relacionarnos cos demais e para aprender.

-

DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:
- **Ser quen de comprender e producir mensaxes orais que teñen finalidade didáctica ou son de uso cotián.**
- **Ser quen de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.**
- Coñecerán unha serie de normas e recomendacións que deben seguir en calquera situación colectiva de comunicación, como por exemplo: respectar as quendas de

palabra, utilizar o volume de voz axeitado, prestar atención ao interlocutor...

– **Ser quen de comprender diferentes clases de textos escritos, con especial atención a aqueles que teñen finalidade didáctica ou son de uso cotián.**

– Os alumnos traballarán con textos de diferentes clases (narrativos, poéticos, informativos...), realizando actividades de comprensión, orais e escritas, especialmente deseñadas para cada un deles.

– Trátase, ademais, de desenvolver a capacidade para relacionar as propias vivencias e os coñecementos previos co contido dos textos.

– Os alumnos aprenderán as normas ortográficas e gramaticais básicas que lles permitirán aplicar criterios de corrección aos pequenos textos que elaboren.

– **Ser quen de escribir textos propios relacionados co ámbito escolar ou coas súas experiencias persoais.**

– Desenvolverase a produción escrita de oracións.

– **Ser quen de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarnos cos demais e para aprender.**

– Comprenderán que as súas producións orais e escritas lles permiten relacionarse cos demais (expresar o que saben, o que lles ocorre, o que senten...). Tamén poderán comprobar que unha lectura correcta lles permite comprender textos e aprender deles.

– **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ AO DESENVOLVEMENTO DOUTRAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

– **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

– Nocións como a secuencia temporal dunha historia ou a numeración e ordenación de viñetas relacionadas cos textos contribúen ao desenvolvemento de habilidades características desta competencia. Por outro lado, a correcta expresión lingüística dos números tamén forma parte da contribución da área de Lingua ao desenvolvemento da Competencia matemática.

– **Competencias sociais e cívicas.**

– A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, de aí que dende a área de Lingua se poida contribuír facilmente ao desenvolvemento desta competencia, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Neste sentido, que os nenos aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles transmiten é fundamental para a súa formación

como seres sociais. Ademais, a lingua tamén lles permite tomar contacto con outras realidades diferentes á súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.

– **Conciencia e expresións culturais.**

– *Dende a área de Lingua contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e a valoración de obras literarias de diferentes épocas e culturas. O traballo a partir dos debuxos e as fotografías que acompañan aos textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística.*

– **Competencia para aprender a aprender.**

– O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e a súa asimilación persoal. Cuestións como mellorar a velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra parte, a presenza de actividades que permiten traballar a atención, a memoria ou a construción do sentido serven tamén para contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe.

– **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

– O traballo na área de Lingua preséntase de tal forma que poida ser realizado de forma autónoma, pedíndolles aos alumnos que amosen o que son capaces de realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento.

– Por outra parte, a proposta de actividades que obrigan aos nenos a poñerse no lugar dos outros ou a decidir entre varias cuestións promove o desenvolvemento desta competencia.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Clasifica un acto comunicativo según sexa verbal ou non verbal.
- Recoñece as situacións que favorecen ou que impiden a comunicación.
- Entende o sentido global e identifica a idea principal dun texto.
- Realiza pequenas lecturas axeitadas aos seus gustos.
- Escribe oracións sinxelas con diferentes intencións comunicativas.
- Identifica e clasifica o xénero e o número dun substantivo.

LINGUA GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

– 1.Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as

reglas que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar,

- Despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.
- *Quérese avaliar a capacidade do alumnado de participar en diferentes situacións de comunicación da vida escolar e a progresiva interiorización daquelas normas e hábitos básicos que facilitan a comunicación e a relación social.*
- 2.Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos, e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.
- *Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para captar a información e as mensaxes de textos orais de uso cotián e dalgúns procedentes da radio, da televisión e de webs infantís, así como o uso de estratexias para mellorar a comprensión.*
- 3.Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos, ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.
- *Avalíase a capacidade para expresarse progresivamente con maior claridade e adecuación á situación e á intención de comunicación, usando a entoación, a pronuncia e o léxico máis adecuados para cada contexto; é dicir, avalíase a capacidade para achegar información comprensible.*
- 4.Coñecer e reproducir textos de literatura oral.
Trátase de avaliar a capacidade de identificar, recoñecer, reproducir e valorar textos relacionados coa contorna .
- 5.Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.
Este criterio pretende avaliar a capacidade para identificar e extraer ideas puntuais e datos concretos indicados nos textos de maneira explícita, relacionándoos coas propias vivencias do alumnado e cos seus coñecementos previos.
- 6.Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con decodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.
- *Preténdese avaliar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos, facendo fincapé fundamentalmente na entoación e na expresividade.*
- 7.Amosar iniciativa e interese pola lectura.
- *Avaliarase o interese amosado pola lectura. Comprobarase a iniciativa e a progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca da*

escola a internet.

- 8. Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, substantivo común e propio, masculino e feminino, singular e plural, en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.
- *Téntase que, en actividades de produción e de comprensión de textos, o alumnado identifique algunha terminoloxía elemental que lle poida axudar a facer melloras na linguaxe escrita.*

- **CONTIDOS**

- **Bloque 1. Comunicación oral. Falar e escoitar.**

- - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais : xestos e ton de voz
- - Participación en situacións de comunicación, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.
- - Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.
- - Comprensión de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes
- - Produción de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía
- - Dramatización de textos literarios adaptados á idade e de produción propia.

- **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler**

- - Lectura en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.
- - Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio.
- - Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos.
- - Selección de libros segundo o gusto personal.
- - Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma para fomentar o gusto pola lectura.
- - Identificación da finalidade das mensaxes transmitidas polo texto.
- - Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura de información.

- **Bloque 3. Comunicación escrita. Escribir**

- - Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.
- - Normas e estratexias para a produción de textos : planificación, secuenciación...
- - Valoración das propias producións escritas e das dos compañeros.
- **Bloque 4. Coñecemento da lingua**
- - Tempos verbais : Toma de conciencia do presente, pasado e futuro.
- - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía.
- - Ampliación de vocabulario.
- - Clases de nomes: comúns e propios.
- - Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.
-
- **Bloque 5. Educación literaria**
- - Valoración dos textos literarios como fonte de gozo personal.
- - Lectura de textos narrativos de tradición oral, adaptación de obras clásicas á literatura actual.
- - Valoración da literatura en calquera lingua como recurso de lecer persoal e vehículo de comunicación.
- **OBXECTIVOS**
- Participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas.
- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiás.
- Comprender diferentes clases de textos escritos.
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- Utilizar adecuadamente a biblioteca.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia e como mostra de identidade.

-

- **ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- - Desenvolver o autoconhecimento e o respecto dos propios intereses e motivacións participando nos traballos de equipo.

- - Canalizar as emocións e buscar o benestar persoal utilizando o diálogo interno.
- - Reflexionar sobre as accións identificando vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala.
- - Apreciar as relacións entre compañeiros valorando as aprendizaxes que orixinan e a posibilidade que ofrecen de establecer vínculos de afecto.
- - Formar unha imaxe axustada de sí mesmo, desenvolvendo a autoestima e a independencia emocional.
- - Practicar a resolución de conflitos reflexiva e dialogante.

-

- **CONTIDOS**

- **- Construír un mundo mellor.**

- - O bo cidadán . Como debe actuar.
- - A democracia.
- - As virtudes para a convivencia e a dignidade.
- - Todos queremos ser felices. Ser feliz.
- - Dereitos e deberes. O respecto polos demais e o cumprimento dos deberes.
- - Os dereitos dos nenos/as.
- - Expresarnos ben e comprender aos demais.
- - A amizade e a confianza.
- - A resolución de conflitos.

- **OBXECTIVOS**

- 1. Recoñecer a orixinalidade de cada persoa e clarificar o autoconceito.
- 2. Coñecer ferramentas para resolver conflitos: o diálogo, a mediación, saber pedir axuda.
- 3. Comprender a relación que existe entre responsabilidade , dereitos e deberes.
- 4. Entender a relación entre confianza e amizade.
- 5. Valorar a importancia da escoita para unha boa comunicación.
- 6. Escoitar activamente e falar por quenda.
- 7. Promover unha actitude activa fronte aos problemas sociais.
- 8. Desenvolver o razonamento lóxico inductivo e deductivo

-

- **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

- Consigue a aceptación dos compañeiros e forma parte activa nas dinámicas de

- grupo. **Competencia para aprender a aprender.**
- Comprende e expón a importancia de que todos os nenos/as reciban axuda. **Competencias sociais e cívicas.**
 - - Expressa libremente sentimentos e pensamentos durante as conversas e os deberes na aula. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**
 - Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes. **Competencia en comunicación lingüística.**
 - Sabe esperar as gratificacións e tolera a frustración durante a realización das tarefas escolares. **Competencias sociais e cívicas , aprender a aprender.**
 - Expressa o modo en que resolvería conflitos reais ou simulados. **Competencia en comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**
 - Coñece e respecta normas elementais de relación e convivencia no contorno local.
 - **ACTIVIDADES**
 - Ao longo das unidades didácticas, a proposta de actividades vai sempre encamiñada a lograr o maior grao de consecución das competencias clave e dos obxectivos formulados.
 - Procurarase que sexan actividades integradas, que conecten ao alumno coa contorna, que o motiven a aprender e tamén que integren a educación en valores . Actividades que teñen carácter interdisciplinario, tratando nunha mesma actividade simultaneamente, contidos de bloques distintos e mesmo de disciplinas diferentes.
 - Estas actividades serán tanto individuais como actividades de traballo cooperativo que integren ao alumno no grupo potenciando a socialización.
 -

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación considerarase como un **proceso continuo** da aprendizaxe e tamén como un momento de toma de decisións cara á mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Realizarase unha **avaliación inicial de curso** coa finalidade de coñecer o nivel no que se atopan os alumnos e tamén como primeira aproximación ás dificultades que poidan presentar algúns contidos.

Realizarase unha **avaliación inicial en cada unidade didáctica** a modo de recordatorio e tamén de motivación e punto de partida para o desenvolvemento da unidade. Esta avaliación poderá ser oral, a modo de chuvia de ideas, etc.

Haberá un segundo momento de avaliación continua dos obxectivos de cada unidade que se realizará por observación directa e da que se levará rexistro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación atenderán aos seguintes porcentaxes:

Nas áreas lingüísticas:

- Traballo na aula, interese e participación 50%.
- Integración na comunidade escolar , cumprimento de responsabilidades , adquisición de hábitos 20%.
- Probas específicas orais ou escritas 20%.
- Hábito lector 10%.

Nas áreas de Matemáticas , Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais:

- Traballo na aula, interese e participación 50%.
- Probas específicas 30%.
- Integración na comunidade escolar, cumprimento de responsabilidades, adquisición de hábitos 20%.

Na área de Valores Sociais e Cívicos

- Traballo na aula, interese e participación 50%.
- Probas específicas 10%.
- Integración na comunidade escolar, cumprimento de responsabilidades, adquisición de hábitos 40%.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL AVALIACIÓN INICIAL DE CURSO:

Levarase a cabo nos últimos días do mes de setembro.

Nas áreas de Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais realizaremos as propostas por diferentes editoriais.

Nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá, ademais das propostas de editorial faranse controles de nivel de lectura en voz alta e ditados.

AVALIACIÓN INICIAL DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Esta avaliación realizarase sempre nas áreas de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e na de Matemáticas.

Nas dúas primeiras normalmente será de xeito oral , en Matemáticas farase mediante algunha actividade escrita.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A intervención educativa atenderá a diversidade do alumnado, é dicir, centrarse nas actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno/a o

centro debe poñer en funcionamento medidas de reforzo educativo que poden ser tanto organizativas como curriculares; como o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

Alumnos con diferentes ritmos de aprendizaxe

- Para os alumnos con dificultades e un ritmo lento:

- Variaranse os recursos.
- Reforzar os seus logros.
- Procurar ter un clima na aula acolledor no que non teman expresar a súas dificultades.
- Realizaranse actividades de apoio e reforzo.

- Para alumnos/as con ritmo de aprendizaxe rápido:

- Actividades de ampliación e profundización

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os resultados que vaia amosando a avaliación continua, así como as avaliacións das unidades didácticas irannos ofrecendo pistas para modificar os elementos desta programación que sexan necesarios posto que ha de ser aberta, flexible e poderase modificar en función das dificultades que xurdan.

Aínda así ao final do período para o que foi establecida faremos balance dos seguintes puntos cara á mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Nivel e grao de consecución dos obxectivos establecidos e da consecución das competencias clave.

-Grao de cumprimento da temporalización establecida.

-Adecuación das actividades propostas aos intereses do alumnado.

-Adecuación dos procedementos ao nivel de execución do alumnado.

-Adecuación dos materiais e búsqueda ou proposta doutros novos ou máis adecuados se fose o caso.

-Dificultades atopadas en relación cos espazos, as saídas e as actividades complementarias.

-Grao de implicación do Equipo Docente e das Familias.

3ª Avaliación

Co motivo do Estado de alarma instaurado a mediados de marzo o contexto escolar sufriu cambios significativos. Por tal motivo, a segunda avaliación finalizou a efectos de cualificación o día 12 de marzo .As cualificacións foron postas cos traballos realizados polo alumnado ata esa data.

A terceira avaliación será cualificada en base a avaliación continua do alumnado e do seguimento das actividades levadas a cabo de forma telemática.En ningún momento o alumnado verase prexudicado pola nova situación.

A terceira avaliación servirá para afianzar os contidos das dúas primeiras avaliacións mediante un seguimento telemático dos traballos propostos.

Valorarase a recepción dos traballos solicitados expresamente e sempre que se den as condicións idóneas para a súa recepción.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación atenderán aos seguintes porcentaxes:

Nas áreas lingüísticas:

- Traballo na casa, interese, adquisición de rutinas 40%
- Avaliación continua 40%.
- Adaptación ás novas tecnoloxías 10%.
- Hábito lector na casa 10%.

Nas áreas de Matemáticas , Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais:

- Traballo na casa, interese,adquisición de rutinas 40%
- Avaliación continua 40%
- Traballos interactivos sinxelos 20%

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES NO 3º TRIMESTRE

O terceiro trimestre impartirase de maneira telemática.

Primeiramente comunicouse a través da páxina web do centro e Espazo Abalar que a conexión sería vía correo electrónico (lembramos que estamos a falar de nenos de primeiro). A tal efecto, activei unha nova conta de correo que tivera maior capacidade que a da Consellería (tuproferociosabaris@gmail.com)

Desestimei a utilización da Aula virtual porque esixía un maior manexo das TIC por parte das familias e non directamente do alumnado.En todo momento clarifiquei que habería que ter en conta os distintos ritmos do alumnado e da situación na casa nestes momentos complicados.

Ofrécenselle ás familias ordenadores, para aqueles que o precisen, así como conectividade a internet mediante un “pincho” ofrecido polo concello.

Unha vez actualizados todos os correos comezaron os intercambios de propostas de actividades.

As actividades encamiñanse ao asentamento das destrezas adquiridas ata mediados do mes de marzo.

Téntanse facer tarefas variadas que desperten o interese do alumno.

Continúanse a facer , de forma guiada,as fichas dos libros de Lingua e Matemáticas que xa se explicaron con anterioridade ao fin das clases presenciais.

Indícase sempre que non fai falta imprimir as fichas enviadas, que poden servir como guía e, de tódolos xeitos, hai a podibilidade de que se impriman no centro escolar.

Todas van encamiñadas a adquisición das destrezas e competencias básicas.Préstase atención á escritura e a resolución de operacións e de sinxelos problemas matemáticos.

Foméntase a lectura enviando contos que as editoriais abriron para esta ocasión.

Adáptanse traballos para aqueles alumnos que con anterioridade manifestaron certas dificultades,sempre en coordinación co equipo de orientación.

Adáptanse tarefas ás situacións particulares das familias (custodias compartidas, pais que traballan,dificultades para o manexo das tecnoloxías...).

Prodúcense chamadas telefónicas, sobre todo,co alumnado con máis dificultades para facer un “seguimento” máis directo.

Iníciáanse as videconferencias, con aquelas familias que dan o seu consentimento expreso,para establecer o vínculo entre a escola e a casa nestes momentos.

4.Información e publicidade

Coa finalidade de que as familias teñan acceso á programación do curso esta, estará a súa disposición na web do centro.Con todas as aclaracións necesarias vía directa coa titora.

A información principal coas familias ten lugar mediante mensaxería abalar.